

DESCRICIÓN DO CAMIÑO INGLÉS OU DE FARO EN CAMBRE

A ruta xacobeá dos ingleses por terras de Cambre iníciase na Ponte do Burgo, antigo peirao onde arribaban os barcos que viñan, cargados de peregrinos e de mercaderías, desde o norte de Europa.

Na ribeira do norte da ría asentábase o castelo-fortaleza da Orde dos Cabaleiros Templarios, onde hoxe se ubica a igrexa parroquial de Santa María do Temple. Detentaban o control económico do peirao así como o dereito de paso; tamén se constituiron nos auténticos gardas do Camiño.



A igrexa de Santa María do Temple (probablemente o último vestixio do castelo templario) é un exemplar románico que está a conservar unha pequena ábsida semicircular así como un lintel semicircular enriba da porta principal no que aparece unha labra que alude ben á ponte do Burgo, ben ás columnas do Templo de Salomón.



Precisamente desde este lugar partían as principais rutas de comunicación da bisbarra e, tamén, a presenza da Orden do Temple está a demostrar a función do Burgo-Temple como un estratéxico peirao para a carga e descarga de toda clase de mercaderías.



O ITINERARIO

Desde a Ponte do Burgo, o Camiño abandona as terras de Cambre para introducirse nas veciñas do Concello de Culleredo, serpeando polas parroquias de Santiago do Burgo e San Xoán de Almeiras para, logo duns poucos quilómetros, voltar a empalmar co territorio do Concello de Cambre a través da ponte medieval da Xira, tamén chamada de Alvedro.

Despois de deixar atrás a Igrexa de Almeiras e o Castro de Alvedro, o Camiño continúa sinuoso e esquivo cara a Sigrás: iníciase aquí unha forte pendente que descende vertixinosamente cara a esa parroquia a través da Ponte da Xira. A corredoira que noutrora definía o Camiño desapareceu neste lugar para dar paso a un moderno polígono industrial.



A ponte da Xira -primixenio lugar de acceso a Sigrás- que salva o cauce do río do Gaitreiro, amosa unha fábrica que foi retocada en numerosas e reiteradas ocasións, como corresponde a un vado moi empregado. Estruturalmente posúe dúas fiadas de dovelas desiguais e ripios intermedios que unicamente están a cumprir a función de tapar o oco que queda entre os dous arcos. Aínda se poden ollar os restos da calzada medieval, con grandes seixos desiguais nos que se aprecian as pegadas das rodeiras dos carros que durante séculos transitaron por ela.

Deixando atrás a ponte, o Camiño comenza a ascender paseniñamente, asfaltado, ata que chega a un cruzamento moi perigoso no rueiro da Xira, onde é cruzado pola antiga estrada Ponte do Porco-Muros.



Fortes rampas de asfalto flanqueadas por muros de mampostería, balados e silveiras levan ás casas que anuncian o lugar das Penedas; a continuación a Encrucillada (extraordinario cruzamento de sete camiños) no rueiro de Sigrás de Abaixo. Antes de perder o protagonismo, preto das Viñas do Dondel, aínda se pode ollar, dominando amplas perspectivas, como é de rigor, o que fora Cuartel da Guardia Civil aló nos lonxanos anos do século XIX: trátase dunha fermosa edificación hoxe desigualmente restaurada que se desenvolve a partir dun patio interior con establos para a cabalería ao que se accede entre dous corpos de vivenda por un portalón enmarcado por bos perpiños e lintel liso.

Un tramo asfaltado, seguindo con dirección ao sul, moi empinado, leva a outro cruzamento no que se erixe, impertérrito e solitario, o Cruceiro Vello de Sigrás: a lenda conta que ao seu pé enterraban aos meniños que morrían sen bautizar. Pouco máis enriba, logo dun treito de ferradura, atópase o Peto de Ánimas do Santo Antón, fronte á casa solariega dos Atocha. Posible humilladoiro, unha fornacina acubilla ao santo; un banco corrido de boa cantería e un cirio sempre acceso, conforman unha paraxe ideal para o descanso e para a contemplación dalgún milagre, pois para iso están os santos viarios.


A partir deste punto o Camiño sesteia plácidamente por unha área chan: segue a estar asfaltado e linda cun muro de mampostería describindo un dos tramos máis fermosos da ruta. Diante do peregrino, pouco despois, aparecerá un harmónico conxunto arquitectónico de singular beleza: igrexa, cruceiro, casa reitoral, casas aledañas..., trátase do complexo igrexa-hospital de Santiago de Sigrás.

CAMIÑO INGLÉS OU DE FARO HISTORIA, ARTE E NATUREZA

Ubicado este conxunto na aba do outeiro que forma o Castro de Sigrás, a Igrexa, exemplar románico de finais do século XII, conserva ademais, elementos góticos e engadidos renacentistas e barrocos. Fóra do seu lugar orixinal poderáse contemplar a primitiva cruz antefixa ou cumial con claros resabios de tradición céltica.


Despois da igrexa de Santiago de Sigrás, o Camiño discorre entre centenarios castiñeiros e muros de mampostería. O pazo de Sigrás, sé de correudas linaxes, e o de Sobrecarreira, acompañan silenciosos o tranquilo discurrir do vieiro xacobeo.

No primeiro cruzamento atópase A Portela, topónimo que se refire a "portus", lugar de paso obrigado onde se cobraba o portádego. Aí está o portalón do Pazo de Sigrás.



Deixando atrás A Portela, a bucólica senda defínese polos balados, as silveiras, a fonte de Sobrecarreira, os muros do Pazo dos Loriga e a corredoira do Carneiro, que se despide en vertical da ruta xacobeá. É probable que este topónimo se refira aos osarios que os pobos célticos colocaban nos lindeiros das parroquias en moreas misturados con pedras, feito que coincide exactamente para este lugar de Sigrás: o término *cam-* seguramente deriva do bretón. O costume dos guerreiros celtas de facer moreas de pedras cando conquían unha victoria á beira dos camiños, está ben documentado. Este costume pasou a formar parte da imaxinería dos peregrinos e dos camiñantes en xeral.

A fonte de Sobrecarreira, o sitio de Viñas, a parada da Carrilana, o lugar de Francos (topónimo empregado para nomear un Camiño Real a partires do século XVI...): des-



de este lugar ata o Marco da Cabana -típico marco de término que xalona calquera camiño medieval- ao leste vese a casa con galerías porticada de Dona Ramona, amosando unha columnata de cantería ben traballada con sinxelos capiteis.


A partires do cruzamento da Cabana, o Camiño segue de fronte, asfaltado; primeiro atópase a vía que une a estrada N-550 coa que vai a Cambre. Logo de cruzala, éntrase nun tramo de terra que sae á Ponte da Rocha pola que se pasa a través do arcén da dereita que amosa un pretil protector de aluminio: é o comezo da parroquia de **San Xoán de Anceis**.



Despois dun tramo asfaltado no que xa se comezan a albiscar algúns bos exemplares de arquitectura tradicional, chégase ao núcleo do Drozo, onde se ubica o pazo do mesmo nome, a espléndida fonte do Santo Antón, o comezo da muralla do pazo do Conde de Anceis e un conxunto de arquitectura tradicional en condicións de conservación irregular.

O Pazo do Drozo é un dos exemplares de arquitectura pacega máis antigos do Concello de Cambre. Pódese datar nos anos finais do século XVI e, estruturalmente, debuxa planta con forma de "U" con todos os elementos propios deste tipo de arquitectura: patín, solaina, pedra armeira, capela... Sábese que, antes de adquirir a fisonomía residencial actual, posuía nunha das ás un torreón de orixe medieval que foi derrubado para axeitar o complexo aos novos usos. Hoxe en día foi obxecto dunha coidadosa restauración tanto arquitectónica como no que se refire aos usos tradicionais.

A fonte do Santo Antón, tanto pola súa temática como pola súa ornamentación clásica, débese adscribir a un estilo plenamente *culto*. Trátase dunha fonte de parede vertical coa roada cunha cruz flanqueada por dous pináculos. A pía na que desauga o cano é rectan-



gular e toda a superficie está adornada con molduras verticais e un frontón semicircular cuia función é destacar ao santo que descansa sobre unha pequena ménsula. Toda a fonte está construída a base de perpiño.

O pazo dos Condes de Anceis dispónse a través dunha forma en "U" aberta á fronte principal. Nun extremo hai unha pequena capela e, na parte de atrás, un patín polo que se accede ao primeiro andar. A fachada principal está construída a base de perpiño e, enriba da porta, resalta a espectacular pedra armeira, unha das meirandes e máis fermosas de todo o Concello.

Ata este punto o Camiño atópase ben delimitado polos altos muros de mampostería de ambos os dous pazos e pola alternancia de balados que sobresaen entre construcións tradicionais e casas modernas, ata que se chega ao poderoso portalón de entrada do pazo dos Condes. Aí eríxese vixiante o cruceiro de Anceis, rodeado de silandeiras edificacións populares.

Entre sombras de castiñeiros, con algúns tramos sen asfaltar, o Camiño vai lento e seguro cara as altas terras de Altamira, ata chegar a Tabeaio, xa no Concello de Carral.



ALGUNHAS XOIAS DO CAMIÑO INGLÉS



Tímpano da igrexa de Santa María do Temple.

Fermoso tímpano semicircular que fai de lintel da porta occidental da Igrexa. Describe unha arcada de columnas con capiteis e basas insinuados que poden aludir as columnas do Templo de Salomón. Si é así, estamos diante do único elemento conservado que se refire aos Cabaleiros Templarios.



Cruz cumial de Santiago de Sigrás.

Trátase dunha cruz antefixa ou cumial que mistura a cruz patada inserida no círculo e a cruz céltica que se continúa no exterior. Simbólicamente a cruz grega saíndo do círculo é o disco solar cristianizado, unha derivación da cruz céltica: os radios ceibos da cruz son o nimbo luminoso que representa a luz solar, símbolo da orixe.